

PLAN
DE

CONTINXENCIA
DO

IES LOIS PEÑA NOVO

O Plan de Continxencia do IES Lois Peña Novo ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO.....	3
ACTUACIÓ NS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	8
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	10
COMUNICACIÓ N COAS FAMILIAS E ALUMNADO MAIOR DE IDADE.....	12

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Se o alumnado ou persoal traballador convive cunha persoa con síntomas compatibles coa COVID á espera dunha PCR, evitará as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado pero non será necesario que garde corentena no domicilio, podendo acudir, tanto á escola como ao seu posto de traballo.
2. Non asistirá ao centro o alumnado ou persoal traballador que se atope nunha das seguintes circunstancias:
 - Que teña polo menos un dos síntomas compatibles con COVID-19.
 - Co obxecto de facilitar a detección dos síntomas, o persoal e o alumnado (ou os seus proxenitores ou titores legais) realizarán, antes da chegada ao centro, unha enquisa de autoavaliación seguindo o Modelo de enquisa de autoavaliación do COVID-19 dispoñible no apartado Modelos da sección COVID na web do centro.
 - Que se atope en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
 - Que conviva cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19 porque será considerado/a contacto estreito.
 - Que estea en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
 - Que sexa identificado por Sanidade como un caso confirmado de COVID. Ver diagrama de actuación premendo na [ligazón](#).

3. Cando unha persoa se atope nunha das anteriores circunstancias, o **procedemento** a seguir consiste en chamar ao Lois Peña Novo para **comunicar á maior brevidade posible a súa falta de asistencia** e pedirá que se lle poña en contacto con alguén do equipo COVID sen identificarse nin dar ningún tipo de información ata que contacte co equipo COVID do Lois Peña Novo.
4. A recompilación de avisos de non asistencia realizarase do seguinte xeito:
 - Os conserxes derivan a chamada á persoa do equipo COVID19 que estea no centro nese momento.
 - A persoa do equipo COVID19 que recibe a comunicación, transmítea á persoa coordinadora.
 - A persoa coordinadora buscará o seu expediente¹ na aplicación EduCovid e, cando exista petición por parte de sanidade, contactará co CSC (Central de Seguimento de Contactos²) para identificar os contactos estreitos do centro seguindo as súas indicacións e cargalos na aplicación EduCovid.
 - Se o equipo COVID sabe dun positivo e non aparece o seu expediente na aplicación EduCovid, deberá notificalo á CSC e seguir as súas instrucións.
 - A persoa coordinadora comunicará a falta de asistencia á persoa titora do grupo para que poña as faltas xustificadas e o comente co resto do profesorado do grupo se así o considera.

1 Só estarán na aplicación os expedientes das persoas positivas en COVID.

2 A través do número de teléfono específico ou contactando co equipo do centro médico.

5. Se, despois da realización da autoenquisa clínico-epidemiolóxica, se detecta a aparición dun síntoma compatible cunha infección por SARS-CoV-2:
 - Non se acudirá ao centro educativo manténdose en illamento preventivo domiciliario.
 - Nun prazo de **24** horas, chamarase ao centro de saúde de referencia correspondente ou consultorio médico. Se non se consegue contactar, pódese chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa e de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso, que deberá seguir as indicacións do persoal sanitario correspondente.
 - Comunicarase a falta de asistencia ao Lois Peña Novo seguindo o procedemento que se indicou anteriormente.
 - No caso do alumnado, xustificarase a ausencia cun comprobante das persoas proxenitoras ou titoras. Non será necesaria ningún xustificante médico.
 - Ver diagrama de actuación premendo na [ligazón](#).

6. Cando o alumnado ou persoal dos centros educativos inicie síntomas no centro será retirado o máis axiña posible ao espazo do centro co nome “Sala de reunións”, proporcionaráselle unha máscara cirúrxica (en caso de que leve outro tipo de máscara), manterase a estancia ventilada e avisarase a algún membro do equipo directivo.
 - No caso de ser un alumno ou alumna, daráselle outra máscara cirúrxica (en caso de que leve outro tipo de máscara) para a persoa adulta que coide del ou dela ata que cheguen os seus proxenitores ou titores.
 - De forma excepcional e **no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara** por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará **máscara FFP2 sen válvula (KN95)**, ademais dunha **pantalla facial e unha bata desbotable**. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
 - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo, de preferencia, nun lugar cuberto exterior ao edificio, ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

- Ver diagrama de actuación premendo na [ligazón](#).
7. O equipo directivo, ante a aparición dun suposto COVID durante a estancia no centro deberá:
- No caso de afectar ao alumnado, contactar coa familia para que se presenten no centro á maior brevidade.
 - En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria, chamar ao **061**.
 - Se é un alumno ou alumna:
 - Recordar á familia que a persoa ou o seu titor deberá chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta médica coa fin de que se avalíe a necesidade de realizar a proba diagnóstica ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirá as súas instrucións. Se non se consegue contactar pódese chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061.
 - Recordar á familia que solicite ao facultativo indicacións a seguir coas persoas conviventes ao respecto da asistencia aos centros educativos.
 - No caso das persoas traballadoras, indicarlles que deben abandonar o seu posto de traballo protexidas por máscara e que debe pedir cita telefónica co seu MAP. Se non se consegue contactar pódese chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061.
 - Avisar da aparición dun suposto COVID á persoa coordinadora (dirección) do equipo COVID.
 - A persoa coordinadora, e sempre despois de que Sanidade confirme o caso a través de EduCovid, incluírá a rede de contactos.
 - Comunicará a falta de asistencia á persoa titora do grupo para que poña as faltas xustificadas e o comente co resto do profesorado do grupo se así o considera.
 - Avisar ao persoal de limpeza para que proceda á desinfección do espazo do centro chamado “Sala de reunións”.
8. Cando o persoal do centro ou o alumnado sexa identificado por Sanidade como un caso confirmado de COVID, debe chamar ao Lois Peña Novo para comunicalo e indi-

- car a súa falta de asistencia seguindo o procedemento que se explicou con anterioridade.
9. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Autoridade Sanitaria, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
 - A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena e comunicarallo á persoa coordinadora do equipo COVID.
 - A xefatura de estudos de adultos, como membro do equipo COVID centro, comunicará a información anterior á comunidade educativa a través da web do centro.
 10. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do Lois Peña Novo para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
 11. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - a) As persoas con diagnóstico confirmado terán unha obriga de illamento durante polo menos 10 días no seu domicilio.
 - b) Os contactos estreitos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento e realizarán as corentenas e probas PCR que lles indique a autoridade competente.

12. A suspensión da actividade lectiva presencial (por corentena dun grupo determinado de contactos estreitos, polo peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo ou por confinamento) suporá a aplicación das normas previstas no Plan de continxencia do IES Lois Peña Novo relativas ao ensino a distancia.
13. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

14. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado seguindo os horarios espello³ elaborados por xefatura de estudos e a través das ferramentas institucionais como as aulas virtuais, Webex, etc. O antes posible, realizaranse simulacións que permitan ter establecido o protocolo de actuación en caso de peche, e, a partires de aí, periodicamente. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado, ben os que poña a disposición a Consellería e avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias e módulos. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
15. Excepcionalmente, se algún docente considera conveniente usar algunha ferramenta distinta das mencionadas no punto anterior, o profesorado titor recollerá o consentimento das familias do alumnado menor de idade. De non obter o consentimento de todo o alumnado do grupo, non se poderán utilizar as ditas plataformas con ese grupo, circunstancia esta que será transmitida polo titor ou titora ao profesorado correspondente.
16. O profesorado arbitrará unha alternativa ás aulas virtuais para o mantemento da actividade lectiva con aquel alumnado que non poida usalas en caso de ensino non presencial.

³ Premer na ligazón para consultar.

17. O profesorado titor informará ao alumnado e ás familias do alumnado menor de idade sobre o uso da aula virtual e dos medios telemáticos de comunicación para o ensino a distancia, da obriga de participar nas clases non presenciais por parte do alumnado e do control de asistencia telemática que se levará a cabo a través de XADE.
18. O equipo COVID do Lois Peña Novo identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Manterá este listaxe actualizada grazas ao profesorado titor e xefatura de estudos. Tamén identificará ao profesorado que precise formación no manexo das ferramentas correspondentes.
19. Cada departamento abordará a maneira de proporcionar recursos ao alumnado que non os teña en caso de ter que pasar a un ensino telemático.
20. O profesorado que necesite formación en ferramentas tecnolóxicas poderá realizar os cursos seguintes: “Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes” e “Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto”.
21. Solicitarase a axuda do asesor Abalar de zona para dar apoio ao profesorado que, despois de realizados os cursos anteriores, considere que necesite formación complementaria.
22. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
23. O mesmo día no que se decrete un peche ou confinamento:
 - a) A dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Tamén se atenderán as necesidades TIC do alumnado ata onde o permitan os recursos do centro. Para atender o resto de necesidades TIC, seguirase o [Procedemento de xestión de equipamento para o alumnado en situación de fenda dixital](#) e avisarase ao profesorado titor cando todas as necesidades TIC do seu grupo estean cubertas.
 - b) O profesorado trasladará orientación acerca dos recursos e actividades iniciais ao alumnado e ás familias do alumnado menor de idade a través da aula virtual ou da aplicación abalarMóbil.

24. En caso de peche ou confinamento e cando todas as necesidades TIC do seu grupo estean cubertas, o profesorado titor organizará unha reunión virtual coas familias do alumnado menor de idade e nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.
25. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá impartir docencia no centro ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
26. Durante o peche ou confinamento, o profesorado e o alumnado deberán conectarse nas horas marcadas no horario espello en cor verde clara e levarase control de asistencia en XADE. Sempre que sexa posible, o profesorado terá a súa sala de reunión aberta cinco minutos antes.
27. Durante o peche ou confinamento e nas horas marcadas no horario espello de cor vermella clara, o alumnado realizará tarefas que se asemellarán o máximo posible ao sistema presencial.
28. Durante o peche ou confinamento e todos os luns, o profesorado remitirá a xefatura de estudos unha relación de actividades realizadas polo alumnado no horario espello durante a semana anterior. Para isto utilizarase o [modelo de actividades semanais](#).
29. Durante o peche ou confinamento, o departamento de Orientación velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e realizará as dúas funcións, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda do profesorado titor, ben a demanda das persoas titoras do alumnado.
30. Durante o peche ou confinamento, o alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes que no ensino presencial e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

31. Durante o peche ou confinamento, sempre que sexa necesario, realizaranse exames telemáticos. Recordarase o cumprimento das NOFC do IES Lois Peña Novo (apartado g do punto 3.1 DEREITOS).
 - a) Deste xeito, o alumnado terá dereito a marcar co profesorado correspondente unha nova data de exame no prazo máis breve posible, sempre e cando os prazos legais o permitan e tendo en conta as causas que levaron á ausencia do alumnado, incluso, nun tramo horario distinto do habitual nesa materia que sexa compatible coa xornada laboral do profesorado.
32. Cando, durante o peche ou confinamento, parte do profesorado se atope de baixa, será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC quen dispoña, provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do profesorado. Todo isto, sempre e cando a situación se prolongue máis de 15 días que é o período de adianto co que o profesorado sobe os recursos á aula virtual. Este adianto tamén permitirá que o alumnado teña xa recursos na aula virtual o mesmo día do peche.
33. Durante o peche ou confinamento, a atención ao alumnado responderá ao previsto con carácter xeral no *Artigo 25. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria. do Decreto 229/2011.*
34. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no *apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións)* e no *apartado 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).*
35. O/a orientador/a do centro educativo, no seu horario espello, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan

de Acción Titorial e realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou titores legais do alumnado. Para todo isto:

- a) O departamento de Orientación pon a disposición do alumnado e das familias, información xeral que poderá atopar no apartado “Departamento de Orientación” da web do centro.
- b) O departamento de Orientación abre dúas vías de contacto para o alumnado e as familias a través das cales poderán obter información máis concreta, persoal e individual que son, por unha banda, o teléfono 982 870 864, e por outra, o envío dun correo electrónico ao enderezo ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal co asunto “Departamento de Orientación - Consulta”.
- c) O departamento de Orientación abre tamén dúas vías de contacto para o profesorado: o teléfono do departamento (982 870 864) e o correo corporativo.
- d) O profesorado de Pedagogía Terapéutica continuará prestando apoio conectándose á sala virtual do profesorado correspondente e prestando apoio a través do chat da aula ou ben abrindo unha reunión na súa propia sala virtual cando deba atender ao alumnado fóra da aula virtual do profesorado, sexa porque o apoio a través do chat non é efectivo, sexa porque durante o ensino presencial xa estaba prevista a saída do alumnado da aula.

36. No caso de que a actividade presencial se manteña pero con casos puntuais de alumnado en illamento ou corentena, o Lois Peña Novo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Aplicar o apartado g) do punto 3.1 DEREITOS das NOFC do IES Lois Peña Novo no relativo á coincidencia dun exame datado durante este período de confinamento, sempre e cando non se contradigan as medidas relativas aos períodos ordinarios de avaliación ás que se refire este Plan de Contingencia no punto no que se fala das [medidas da Consellería](#).
- b) O alumnado poderá continuar a actividade formativa a través da aula virtual e, sempre que se dispoña de medios e sexa factible, faranse clases en liña.⁴
- c) Atenderanse as necesidades TIC do alumnado ata onde o permitan os recursos do centro e, para atender o resto de necesidades TIC, seguirase o [Procedemento de xestión de equipamento para o alumnado en situación de fenda dixital](#).
- d) Estarase ao disposto no *Artigo 25. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria. do Decreto 229/2011*.

4 Dando cumprimento ao apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

37. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizárase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.
38. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.
39. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade o Lois Peña Novo ten previstas as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do Lois Peña Novo quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 2 días

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50% en cada grupo.

Obxectivos:

- Formación do alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinación do ensino presencial e a distancia.
- En cada materia ou módulo:
 - Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático: repaso, dúbidas, etc.
 - Avaliación desa etapa: seguimento da evolución académica do alumnado que foi confinado para ver se é necesario repetir os contidos impartidos durante a fase anterior.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 3 días

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%.

Obxectivos:

- Comprobación da adquisición da formación recibida durante a fase anterior relativa ás medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Emprego do ensino presencial para continuar resolvendo dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual e outros medios telemáticos.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 2 días

Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- En cada materia ou módulo, comprobación final do grao de adquisición do traballado, de modo que se poida decidir se hai que repasar ou se se pode continuar avanzando.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO MAIOR DE IDADE

A principal canle de comunicación coas familias e alumnado maior de idade para avisos será a [páxina web do centro](#).